

INFORMACIÓN XERAL

LER ATENTAMENTE ANTES DE FORMALIZAR A SÚA MATRÍCULA

A matrícula en modalidade libre está dirixida ao alumnado que só quere presentarse ás probas para certificar a súa competencia nas linguas que ofrece a EOI da Coruña.

As certificacións do *Marco común europeo de referencia para as linguas* que ofrece o noso centro son: A2 (nivel básico), B1 (nivel intermedio), B2 (nivel avanzado), e nivel C1 (só inglés, francés, galego e portugués).

Idiomas e niveis que se ofrecen na modalidade libre

No curso 2016-2017, o alumnado libre poderase matricular das seguintes probas de certificación:

IDIOMA	Nivel Básico	Nivel Intermedio	Nivel Avanzado	Nivel C1
ALEMÁN	✓	✓	✓	X
ÁRABE	✓	✓	✓	X
CHINÉS	✓	✓	X	X
ESPAÑOL PARA EXTRANXEIROS	✓	✓	✓	X
FRANCÉS	✓	✓	✓	✓
GALEGO	✓	✓	✓	✓
INGLÉS	✓	✓	✓	✓
ITALIANO	✓	✓	✓	X
PORTUGUÉS	✓	✓	✓	✓
RUSO	✓	✓	✓	X
XAPONÉS	✓	✓	X	X

ACCESO AS PROBAS

Consideracións previas á matrícula en modalidade libre:

- é preciso ter 16 anos cumpridos no ano natural de celebración das probas, ou 14 anos se opta a un idioma diferente da primeira lingua estranxeira na ESO.
- non é posible obter o certificado dun nivel equivalente a outro xa cursado no anterior plan de estudos de EOI.
- non é necesario superar o exame de certificación dun nivel inferior para poder presentarse a un superior
- No caso do nivel C1 de inglés, francés, galego e portugués deberán posuír ou ter solicitado o título do nivel avanzado ou o antigo de aptitude nesta lingua expedido por unha EOI ou no caso do idioma inglés o certificado acreditativo da **validación do Certificate of Proficiency emitido polo MEC**, e aboar os prezos públicos correspondentes.
- non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.
- o alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre nesta escola en 2016-2017 deberá indicalo e achegar certificación académica da escola da que procede.
- non hai límite de convocatorias en modalidade libre.

- a diferenza da oficial, a modalidade libre só permite un único exame en xuño.

Alumnado CALC/CUALE

- deberá formalizar a matrícula polo réxime libre, indicando na aplicación web de matrícula o idioma e nivel do curso CALC/CUALE que está a realizar.
- terá carácter de alumnado oficial a efectos de convocatorias (disporá dos exames de xuño e setembro) só o alumnado que **cumpra os requisitos de asistencia ao curso**.
- non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idiomas, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel por primeira vez. O alumnado CALC, no caso de que se matricularen nunha EOI por primeira vez, deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

INCOMPATIBILIDADES

Non se poderán matricular e examinar das probas:

- Aquelas persoas que participasen na elaboración ou nos procesos de configuración final das probas.
- Profesorado que imparta docencia nunha EOI (ou impartía, no caso do profesorado interino ou substituto nalgún momento do curso 2016-2017) non se poderá examinar na súa escola.
- Profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá examinar en ningunha EOI de Galicia *para o idioma que imparte*.
- O personal non docente no curso 2016-2017 non se poderá matricular na súa escola ou sección agás os idiomas de Árabe e Ruso.